

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NUN CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP) NO INSTITUTO DE CIÊNCIAS BIOMÉDICAS ABEL SALAZAR (ICBAS), NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS**

O 31 de maio de 2023 publicouse a resolución reitoral pola que se establecían as bases reguladoras e se aprobaba a convocatoria de axudas Erasmus, na modalidade de estadias curtas, para participar no curso intensivo combinado ou BIP (*Blended Intensive Course*), titulado *Global climate changes and pollution: challenges to the immune system, RNA metabolism and stress responses*, cunha **movilidade presencial do 25 ao 30 de setembro de 2023** nun curso de 81 horas (3 ECTS) no Instituto de Ciências Biomédicas Abel Salazar (ICBAS) de Porto, en Portugal.

O 26 de xuño de 2023 publicáronse as listaxes provisórias de solicitudes admitidas a trámite. Rematado o prazo de presentación de emendas, esta reitoría

**RESOLVE:**

Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas no anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M<sup>a</sup> Isabel del Pozo Triviño



**ANEXO I**  
**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NUN CURSO**  
**INTENSIVO COMBINADO (BIP) NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA**  
**DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS**

**LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS**

<b>Apelidos, nome</b>	<b>Programa de doutoramento</b>
Correa Gomes, Leonardo	Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria
Fernández Sanromán, Antia	Enxeñaría Química
Freire González, Javier	Biotecnoloxía Avanzada
Freiría Martínez, Luís	Metodoloxía e Aplicacións da Vida
González Vázquez, Luis Daniel	Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida
Iglesias Martínez-Almeida, Marta	Neurociencia e Pscoloxía Clínica
Maietta, Immacolata	Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida
Pereira Pinto, Estefanía	Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
Pitombeira Pereira, Karina	Educación, Deporte e Saúde
Seijas Díaz, Iria	Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida
Varela Rouco, Nair	Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida
Verísimo García, Joel	Biotecnoloxía Avanzada